

OS TESOUROS DE D. ANTONIO

Actividade autónoma para alumnado de 1º e 2º de Primaria.

Nesta actividade mestúrase a dinámica dun **xogo de pistas cunha narración** onde D. Antonio Fraguas, primeiro director do Museo e persoa homenaxeada no 2019 polo Día das Letras Galegas, é o protagonista e guía da visita. As diferentes pistas, lidas pola ou polo docente, irán descubríndolle aos nenos e ás nenas diferentes elementos presentes nas salas do Museo relacionados coa figura de D. Antonio e o seu traballo no campo da etnografía e da docencia.

O percorrido desta actividade será circular e viaxaremos por todas as plantas do Museo: planta baixa, entreplanta e primeiro andar. As pistas van seguindo a orde de circulación, comezando na planta baixa visitando o claustro e a sala de oficios, para despois subir á entreplanta e visitar a sala de indumentaria. Continúa no primeiro andar para visitar a sala de sociedade (festas e escola). A historia péchase outra vez na planta baixa, visitando a sala do Mar.

O documento que vos achegamos componse de:

- Instrucións para dirixir a actividade.
- Pistas- narración sobre D. Antonio.
- Bibliografía
- Planos do Museo.

Instrucións

Xuntamos o xogo con estas instrucións. Tedes que traer as copias necesarias impresas. Aquí darásevos ao entrar, un plano do Museo para que poidades orientarvos e atopar as salas. Lembraide que o persoal de información tamén está para axudarvos.

Recomendámosvos que comedes no Claustro, onde podedes contar o que vós queirades sobre o Museo e D. Antonio, para isto xuntamos a unidade didáctica sobre a súa figura. Unha vez que comedes no claustro procurando o busto de Fraguas, teredes que seguir as indicacións do conto que non son máis que unhas suxestións para facilitar a visita co alumnado. Podedes parar e/ou introducir os elementos que queirades, usando os recursos dos que dispoñedes no Museo. Cada punto da narración leva embaixo o lugar e o obxecto cara ao que vos suxerimos ir.

Non dubidedes en consultarnos e pedirnos calquera aclaración que necesitedes.

Grazas pola atención!

PISTAS:

Vamos procurar no Museo esta escultura. É dunha persoa moi importante, tanto, que este ano dedícanlle o Día das Letras Galegas. Sabedes quen é?



(Planta baixa, claustro do edificio)

Esta é a cara de D. Antonio Fraguas Fraguas, unha persoa moi importante para este Museo porque el foi o seu primeiro director. Fixástedvos que os seus apelidos son iguais? Fraguas e Fraguas. Que será unha fragua?

Se queremos sabelo, hai que ir á sala de Oficios e buscar esta foto. ↓ Imos?



(Planta baixa, sala de oficios)

Moi ben! Unha "fragua" é o lugar onde traballa a xente que fai cousas de ferro, por exemplo, esas ferraduras para os cabalos ou as vacas que estades a ver.

A D. Antonio gustáballe investigar sobre os oficios que hai na sala, sobre todo do oficio que vedes nesta foto, pois seu pai dedicouse a isto. Sabemos xa que oficio é? Está moi pretiño!



(Planta baixa, sala de oficios)

Seu pai foi canteiro e dedicouse a traballar a pedra e facer moitas cousas. Neste edificio hai unha obra feita en pedra que é única no mundo, unha escaleira con forma de hélice, como a dos helicópteros! Imos buscala e contar cantas escaleiras hai.



(Planta baixa, espazo contiguo á sala do mar)

Fixádevos ben! Son tres e teñen números!! Vedes a nº III? Vamos subir por ela. Cando apareza a primeira porta temos que entrar e camiñar cara a dereita ata encontrar esta foto.



(Entreplanta, sala de indumentaria)

Xa estades diante dela? Como se chama?

Nun libro que escribiu D. Antonio, cóntanos que serve para protexernos da choiva, así que é un chuvasqueiro feito de palla!

Outro tema sobre o que lle gustaba moito escribir eran as festas. Por exemplo ten libros sobre estás dúas festas que vedes nas fotos. Se queredes saber como se chaman, teredes que ir ao andar de arriba e atopalas! Vamos?



(Primeiro andar, sala de sociedade)



Pero sabedes o que lle encantaba a D. Antonio? De todos os traballos que fixo, o que máis lle gustaba era **ser mestre!** Temos que atopar esta escola (está moi preto de onde estades) e fixarnos nas "libretas de pedra" que hai enriba do pupitre! Son pizarras que serven para apuntar ou debuxar. As que estamos a ver foron de D. Antonio!



(Primeiro andar, sala de sociedade)

Antes de acabar o xogo hai que superar unha proba máis! Seremos quen?

Ben, pois temos que aprender unha canción que lle cantaron a D. Antonio cando investigou sobre costumes mariñeiros: "*Pasei pola ponte abaixo, vin saltar unha sardiña, mariñeiros, ide o mar, e botádelle a traíña*".

Xa a sabemos? Vamos volver dicila! "*Pasei pola ponte abaixo, vin saltar unha sardiña, mariñeiros, ide o mar, e botádelle a traíña*".

Pero que será unha traíña? Alguén o sabe?

Un traíña é unha rede que se usa nos barcos chamados **traíñeiras**. Imos á sala do mar ver como é. Para saber cal é temos que buscar o barco máis grande que se move con remos.



(Planta baixa, sala do mar)

Parabéns! Fomos quen de completar o xogo e descubrir todas as pistas sobre D. Antonio Fraguas. Que foi o que máis vos gustou?

Esta avaliación e repaso podemos facela no claustro, ben no busto de D. Antonio ou ben en dirección á saída do Museo.

BIBLIOGRAFÍA SOBRE D. ANTONIO FRAGUAS

Achegamos bibliografía por se queredes completar a información sobre D. Antonio Fraguas. Tamén xuntamos a unidade didáctica elaborada no Museo.


Antonio Fraguas: profesor, xeógrafo, historiador, antropólogo. Galego de ben. Clodio González Pérez (1998).

Antonio Fraguas Fraguas. Unidade didáctica. Museo do Pobo Galego (2005).


Antonio Fraguas Fraguas 1905-1999. Museo do Pobo Galego (2006).

Planos

Planta Baixa



Entrechan



Planta Primeira

